

XUNTA DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

A Xunta PAS Funcionario da Universidade de Vigo reuniuse o día 22 de abril de 2025 na Sala Manolo Ramos, Edif. Ernestina Otero, no Campus de Vigo,

Asisten:

Pola CIG:

Xoán M. Cebro Rodríguez
María José Ríos Santomé
Raquel Iglesias Domínguez
Xosé A. Gándara Pérez
Benedicta Expósito González
Sofía Casas Conde

Por UGT:

María Moreira Sendón
Mónica Méndez López
José Manuel Soñora Abeijón
Susana Viñas Martínez
Tita Aboal Somoza

A reunión comeza ás 12:00h segundo a orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas que se citan:
Ordinaria do 16/02/23
Extraordinarias dos días 19/05/23 e 21/06/23.
Urxente do 24/07/24.

As actas apróbanse co voto favorable da CIG e a abstención de UGT.

- 2.- Informe do presidente.

O presidente informa das eleccións ao órgano de representación realizadas o 27 de marzo de 2025, co cal xa se vai constituír a nova Xunta PTXAS, agradece o traballo realizado nos últimos case que 7 anos desta Xunta PAS e di que o que procede agora é felicitar a quen repite a partir de hoxe e animando a seguir traballando para conseguir cantas melloras se poidan conseguir para o persoal funcionario da Uvigo.

- 3.- Aprobación, se procede, da acta de disolución da presente Xunta PAS.

Leo o texto da presente acta e pregunto se hai acordo sobre a mesma.

As actas apróbanse co voto favorable da CIG e da UGT

Sen máis asuntos que tratar, a reunión remata ás 12:10